

MITTELEUROPA ACHÉGASE A NÓS

En 1992 a sinatura dun Convenio entre a Xunta de Galicia e a Universidade alemana de Trier (Tréveris) permite a creación, como entidade autónoma dentro da súa Facultade de Filoloxía, do *Galicien-Zentrum* ou Centro de Documentación de Galicia. Para xestionalo fúndase a Sociedade Galego-Alemana que preside o profesor Dieter Kremer e conta, entre os seus membros, con Ramón Lorenzo (vicepresidente), Johannes Kabatek (secretario), Ute Hafner (tesoureira), Frank Meyer, Begoña Bas, Anxo Tarrío, Sabine Albrecht, Jörn Gruber, Jens Lüdtke, Marga Romero, Helena Villar Janeiro, Axel Schönberger, M^a Xosé Queizán, Zarko Muljacic ou M^a Xesús Lama.

O Centro de Documentación de Galicia nace co obxectivo de ser un foco dinamizador que dea a coñecer a cultura galega en Alemaña orientando, basicamente, os seus esforzos cara o fomento dos estudos sobre a nosa realidade cultural en ámbitos universitarios. Para isto crean un lectorado que, actualmente, asume Marga Romero e reunen unha biblioteca especializada que posibilite o labor de todos os que desexen unirse ó proxecto.

Ó mesmo tempo organizan outras actividades destinadas a facilitar o contacto directo do público alemán cos nosos escritores (Manolo Rivas, Xosé L. Méndez Ferrín, María Xosé Queizán) ou profesores (Carlos L. Bernárdez, Xosé Manuel Núñez Seixas, Ramón Lorenzo, Adolfo Lozano Bravo). Todos eles teñen impartido na Universidade de Tréveris charlas sobre temas diversos relacionados coa lingua e a literatura (as vangardas, a literatura actual, etc.), a historia (aldeas prerromanas en Galicia ou os movementos nacionalistas) ou a cultura galega en xeral tanto dentro como fóra do país.

Pero quizais sexa a edición da revista semestral *Galicien Magazine*¹, que vén de acadar o número 3 (marzo 1997), a faceta máis coñecida para nós do labor que se vén desenvolvendo en Tréveris. Dirixida por Dieter Kremer e coa redacción e composición a cargo de Franck Meyer, a revista destaca polo seu formato bilingüe en alemán e galego, linguas que conviven nas súas páxinas da man de colaboradores de ambas as nacionalidades e que amosa ás claras a pretensión de crear un marco de normalidade comunicativa entre Fisterra e Mitteleuropa.

Na portada do número 3 do *Galicien Magazine* campa un mapa alemán de Galicia, realizado no século XVIII, que lle acae perfectamente ó tema central deste número: "Os estudos galegos nas universidades alemanas". Nesta sección monográfica atopamos interesantes artigos que nos falan tanto da interrelación entre a

¹ Quen desexe achegarse a esta magnífica mostra de interrelación cultural pode facelo na Librería Couceiro de Santiago.

romanística alemana e o galego (Dieter Kremer), como das contribucións alemanas á Lingüística galega (Johannes Kabatek) e estúdanse os casos das universidades de Heidelberg (Jens Lüdtke), Paderborn (Johannes Kabatek) e Tréveris (Franck Meyer).

Despois destes artigos monográficos -que no número 2 (octubro 1996) se centraran na recepción da literatura galega en Portugal e Alemaña- sitúase o apartado *Literatura* que se orienta cara o debate da nosa actualidade literaria e onde colaboran Suso de Toro (co artigo breve "Literatura esquizofrénica") e Franck Meyer (ocupándose do volume co que a Editorial Xerais vén de celebrar o seu número cen: *Unha liña no ceo*).

Unha entrevista de María Xesús Lama con Antón Santamaria, falando sobre os vintecinco anos do ILG, dá paso á sección *Varia* -onde se atende ás actividades máis salientables a respecto da cultura galega- que, neste número, recolle a preparación do "5º Congreso Internacional de Estudios Galegos". O evento, a celebrar en outubro en Tréveris, xirará arredor de "A imaxe e o concepto de *galego* dentro e fóra de Galicia" atendendo ás seccións de Lingüística (onde participarán Rosario Álvarez, Pierre Bec, Dieter Kremer, Jens Lüdtke, etc.), Literatura (Basilio Losada, Walter Mettmann, Giuseppe Tavani, entre outros), Historia e Ciencias Sociais (con Klaus Herbers, Margarita Ledo Andión, Adolfo Lozano e Luis Rodríguez Ennes) e Artes (Isaac Díaz Pardo, Anna Turbau, etc.).

Entramos así nun dos apartados máis interesantes do *Galicien Magazine*, o de *Traducción* que se ocupa de verquer ó alemán textos de autores galegos, na súa maioría por primeira vez. Neste caso concreto, a sección abrangue unha *cousa* de Castelao versionada por Franck Meyer e dous poemas de María Xosé Queizán traducidos por alumnos da lectora Marga Romero. O volume remata con catro *Recensións* sobre obras galegas recentes como son o volume *Parado na tormenta* de Suso de Toro, o ensaio *Carlos Velo. Cine e exilio* de Miguel Anxo Fernández, a *Gramática histórica galega* de Manuel Ferreiro e o poemario *Tortillas para os obreiros* de Fran Alonso.

O *Galicien Magazine* leva un ano publicándose e xa nos deu tres magníficas mostras de interrelación cultural entre Fisterra e Mitteleuropa e así non nos queda máis que felicitarnos por dispoñer dun foro estable de debate e difusión da nosa realidade.

TERESA SEARA

A Nosa Terra, 776, 1-5-1997, pp. 24-25.